

Comunicación ás familias da decisión colectiva de non asistencia a clase por parte do alumnado.

Estimadas familias:

Dirixímonos a vós para comunicarvos que o día **23 de setembro** está convocada polo **Sindicato de Estudantes** unha folga de estudantes que afecta aos/ás vosos/as fillos/as, titorandos/as, salvo os/as que cursen 1º e 2º ESO. Acolléndose ao dereito de reunión, e celebrando a Xunta de delegadas/os no IES Chapela en data de 19 de setembro, o alumnado do Centro sumouse á decisión colectiva de non asistencia a clase para *amosar o seu rexeitamento á catástrofe ecolóxica que destrúe o noso planeta e a necesidade de pórllle fin.*

O alumnado que apoie a decisión colectiva de non asistencia a clase, non acudirá ao IES Chapela no día sinalado para realizar ningunha actividade. Como en situación de normalidade académica, ningún alumno/a menor de idade poderá abandonar o IES Chapela sen a autorización pertinente. As faltas de asistencia do alumnado que se sume á decisión colectiva de non asistencia a clase, consideraranse xustificadas. O alumnado que non se sume a esta convocatoria ten o dereito e o deber de asistir ao Centro e recibirá clase normalmente. O profesorado proseguirá o desenvolvemento normal da materia. En ningún caso poderán realizarse exames, probas de avaliación ou recollida de traballos neste día, sempre e cando algún alumno ou alumna do grupo onde se vaian realizar ou entregar, participe na decisión colectiva de non asistencia.

Todo o alumnado menor de idade que participe desta decisión deberá contar cunha autorización da nai/pai ou titor/a cubrindo un modelo que lle foi entregado no centro ou que poderá recoller en conserxería e que entregará ao seu titor/a.

Chapela, a 20 de setembro de 2022

O Director



Antonio Bas Corujeira